

ACTA

En Arzúa, a 27 de xuño de 2017.

Sendo as 11.00 horas, na Sá de Adultos da Biblioteca Municipal, sita na rúa Padre Pardo, reunense os membros integrantes da Comisión Seleccionadora, que cualificará o **exercicio de carácter práctico** do proceso de selección polo sistema de oposición, convocado para poder seleccionar á persoa que desempeñará o posto de traballo de **Auxiliar de biblioteca**, na modalidade de **funcionario interino**, para realizar as funcións previstas na Base Segunda das que rixen a oposición, cunha xornada laboral de vinte e cinco horas semanais, durante un período de tempo de cinco meses; e iso, de conformidade coas Bases aprobadas por decreto do alcalde, ditado o día 10 de abril de 2017.

Asisten a este acto os seguintes integrantes da Comisión Seleccionadora:

- Presidente: D. Ramón Torreiro González (*traballador laboral fixo na biblioteca municipal de Arzúa*).
- Vogais:
 - D^a. Pilar Vázquez Ares (*traballadora laboral fixa na biblioteca municipal de Betanzos*).
 - D^a. M.^a Almudena Quintas López (*funcionaria da Universidade de Santiago de Compostela*).
- Secretario: D. Juan Colmenares López-Soldado (*secretario do Concello de Arzúa*).

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, --de conformidade co disposto no artigo 17 nº 2, da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público-, o presidente procedeu a declarar constituída dita Comisión, co obxecto de levar a cabo a realización do segundo exercicio dos dous de que consta a oposición, cuxo exercicio consistirá en realizar un suposto práctico, directamente relacionado coas funcións propias do posto de traballo e co temario que figura no Anexo I das Bases que rixen a oposición.

Para o cal, polo presidente elaborouse -con anterioridade ao comenzo deste exercicio- o seguinte suposto práctico, que foi considerado adecuado polos restantes membros da Comisión Seleccionadora.

“A Biblioteca Pública Municipal de Arzúa “Rosalia de Castro”, está situada nun segundo andar dotado de ascensor e con espazos diferenciados para nenos que teñen unha superficie de 80 metros cadrados pero os cativos ven limitado o seu movemento pola interferencia coa sá de lectura para adultos.

Para o vindeiro ano, a biblioteca pretende modificar substancialmente esta situación creando un espazo verdadeiramente infantil, onde os cativos poidan acceder a todos os recursos que promovan a aprendizaxe, a creación, a educación e o ocio.

Por iso lle pedimos que elabore unha planificación novidosa da nova biblioteca infantil que faga referencia sobre todo aos seguintes aspectos:

- Organización dos fondos.
- Servizos
- Programación de actividades, fundamentalmente dirixidas á animación e á lectura.

Pode vostede incidir noutros aspectos que crea igualmente importantes”

Dito suposto práctico quedou transcrito nun folio, do que se fixeron tantas fotocopias como aspirantes podían concurrir a realizar o exercicio.

Despois procedeuse a chamar aos aspirantes, polo mesmo orde que o da súa presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello, os cales foron entrando na referida Sá de Adultos da Biblioteca municipal, pasando a ocupar cada un dos asientos dispoñibles que había nas mesas colocadas para realizar o exercicio.

Comprobándose que non compareceron os aspirantes: Cristina Conde Carreira, Alvaro Martínez Albaronedo, Patricia Merino Mouriño, Gaspar Dominguez Mendez, Lorena García Novoa e Ana María González Botana.

Polo que aos restantes trece aspirantes que si compareceran se lles foi entregando o correspondente folio que contiña o suposto práctico, máis tres folios en branco para poder desenvolve-lo, sen prexuízo de que o aspirante que o necesitase poidese solicitar máis folios en branco.

Faise constar que, con anterioridade á entrega do folio que contiña o suposto práctico, polo secretario da Comisión Seleccionadora informouse aos trece aspirantes:

- Que o exercicio se cualificará de 0 a 20 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 10 puntos.

- Que a Comisión Seleccionadora decidira -por unanimidade dos seus membros integrantes- que unha vez que os aspirantes realizasen os seus exercicios, esperasen durante o prazo dunha hora fora da biblioteca municipal, co obxecto de ser chamados no suposto de que fose preciso que realizasen algunha aclaración en canto ao exercicio que realizaran, pero só nos casos en que a Comisión Seleccionadora o considerase necesario.

-Que o tempo máximo para realizar o suposto práctico, sería de 45 minutos, desde as 11.10 horas ata as 11,55 horas.

Faise constar que, durante o desenvolvemento dos exercicios, a aspirante María Almudena Pita Couselo, plantexou á Comisión Seleccionadora a revisión da puntuación que lle fora outorgada na valoración do seu exercicio teórico, por canto que consideraba que houbo un erro, ao non computarlle como válida a pregunta de reserva que contestara correctamente, en substitución da pregunta número 20 que foi anulada.

Polo que, a presenza da citada aspirante, procedeuse a revisar ese exercicio teórico realizado por ella; comprobando que houbera un erro no cómputo das preguntas contestadas, ao non lle valorar correctamente a pregunta de reserva; e en consecuenca -por unanimidade dos integrantes da Comisión Seleccionadora- acordouse corrixir a puntuación asignada no seu día de 16 puntos, e outorgarlle agora a realmente obtida, que foi de 16,50 puntos.

Unha vez cumprido o prazo dos correnta e cinco minutos, a Comisión Seleccionadora decidiu que, para a valoración de cada exercicio, estos foron lidos en alta voz por unha das vogais de dita comisión, para proceder seguidamente a súa cualificación en base aos criterios adoptados pola Comisión Seleccionadora.

Como resultado da corrección dos supostos prácticos realizados, a Comisión Seleccionadora, -por unanimidade dos seus membros integrantes-, outorgou as seguintes puntuacións:

n.º rexistro entrada	Nome e apelidos	Puntuación proba práctica
1237	Roberto Jacobo Fraiz Ferreiro	4
1238	Iria Camean Bao	7

1334	Enma Roca Vázquez	5
1335	Cristina Conde Carreira	NP
1348	María Luisa Jamardo Jueguen	4
1349	Alvaro Martínez Albardonedo	NP
1375	Patricia Merino Mouriño	NP
1377	M. ^a Almudena Pita Couselo	7
1403	Rocio Toxo Asorei	6
1444	M. ^a Josefa Plata Santos	5
1447	Antonia García Vázquez	5
1449	Gaspar Domínguez Méndez	NP
1451	Ana Méndez Irigorri Sánchez	8
1453	Lorena García Novoa	NP
1488	Natalia de la Peña Calvo	5
1518	Marta Fernández García	6
1520	Adriana Candela Cousillas Lino	6
1522	Ana María González Botana	NP
1530	Paula Vieites Lías	5

Tras considerar oportuno repasar as puntuacións outorgadas, adoptouse -por unanimidade dos membros da Comisión Seleccionadora- os seguintes acordos:

Primeiro.- Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas, para cada un dos trece aspirantes presentados, e publicar no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello unha copia da acta estendida desta reunión, para que os interesados poidan coñecer cales foron as puntuacións obtidas neste segundo exercicio, de carácter práctico, da fase de oposición.

Segundo.- Facer saber aos dous aspirantes que non obtiveron a puntuación mínima de 5 puntos, que quedaban eliminados neste proceso de selección, por canto que así se deduce da Base 10^a das que rixen a oposición.

Terceiro.- Facer saber aos once restantes aspirantes que superaron o exercicio de carácter práctico realizado no día de hoxe, que -ao acreditar que estaban en posesión do Celga 3 ou equivalente, estarían exentos de realizar o terceiro exercicio da oposición, sobre coñecemento do idioma galego; obtendo en dito exercicio a puntuación máxima de 2,5 puntos cada un deles, por vir así previsto para tales casos na Base 10^a das que rixen o proceso de selección.

Cuarto.- Concretar que a puntuación final, obtida por cada aspirante neste proceso de selección, virá determinada pola suma das puntuacións obtidas no exercicio teórico, no exercicio práctico e no exercicio sobre coñecemento do idioma galego; polo que, despois de realizadas esas sumas, as puntuacións obtidas polos once aspirantes que superaron o proceso de selección serán as seguintes:

	Nome e apelidos	Ex. teórico	Ex. práctico	Galego	TOTAL
1º	Iria Camean Bao	17,75	7	2,5	27,25
2º	M. ^a Almudena Pita Couselo	16,50	7	2,5	26
3º	Marta Fernandez García	16,25	6	2,5	24,75
4º	Ana Méndez Irigorri Sánchez	13,75	8	2,5	24,25
5º	Adriana Candela Cousillas Lino	15	6	2,5	23,5
6º	Natalia de la Peña Calvo	15,25	5	2,5	22,75
7º	Rocio Toxo Asorei	13	6	2,5	21,5
8º	Paula Vieties Lías	14	5	2,5	21,5
9º	M. ^a Josefa Plata Santos	10,50	5	2,5	18
10º	Antonia García Vázquez	10	5	2,5	17,5
11º	Enma Roca Vázquez	10	5	2,5	17,5

Quinto.- Formular ao alcalde a proposta de nomeamento como funcionario interino, para desenvolver o posto de traballo de auxiliar de biblioteca, a favor da aspirante que obtivo a maior puntuación, que resultou ser Iria Camean Bao; co obxecto de realizar as funcións previstas na Base 2ª das que rixen o proceso de selección.

Sexto.- Concretar que, para o suposto de que a aspirante proposta como auxiliar de biblioteca, non poidese acreditar -dentro dos tres días previstos na Base 12ª- os requisitos necesarios para realizar o seu nomeamento, ou renunciase a ser nomeada funcionaria interina; a proposta de nomeamento agora realizada se traslade a favor da seguinte ou seguintes aspirantes, pola orde de puntuación total obtida.

Sétimo.- Dispor a súa publicación no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello dun exemplar da presente acta:

- a) Para coñecemento dos interesados, e aos efectos de reclamacións ou de calquera outro posible acto impugnatorio, e
- b) Para determinar o inicio do cómputo do prazo de tres días hábiles (a partir do seguinte ao da publicación desta acta), co obxecto de que a aspirante proposta poida presentar a documentación esixida na Base 12ª das que rixen a oposición.

Co cal se dá por rematado o acto ás 14.20 h. do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscrita polos membros da Comisión Seleccionadora e para constancia no expediente. De todo o cal dou fe.